

Unidade 7

Unidade 7, exercicio 3

Ola, bos días a todos e a todas dende Radio Galona. Hoxe temos para os nosos oíntes un reto, unha proba: o concurso das ‘Vacac Galonas’. Quen se atreve a participar? Deixade o que estades a facer agora e unídevos á aventura. Unha fabulosa moto *scooter* para moverse pola cidade pode ser vosa. Atención: temos varios colaboradores esperando por vós ao pé das vacas máis modernas que ata o de agora nunca vira Galicia. Quen acabará antes o percorrido? Apuntádeo pois e vinde con coidado, no traxecto ides atopar os nosos compañeiros para certificar que pasastes por alí. Comezamos na Alameda, seguidе esta rúa ata onde cruza coa avenida dos Irmandiños. Virade á esquerda e correde ata o primeiro punto da proba. Que vaca tan traballadora! Alí recibiredes o voso primeiro punto. Pero hai que suar un pouco máis. Cando pasedes a vaca, deberedes chegar ata a avenida Castelao, virar á esquerda e seguir todo recto. Correde-correde. No primeiro desvío á dereita, xirade: e veláí está a rúa dos Imandiños. E xa temos a terceira vaca, a que máis pensa. Buscade nese punto a rúa das Rentenas e andádea ata o final. Alí torcede á dereita e a vaca lisboeta vaivos saudar. Ben, xa só nos queda unha: subide a rúa de Lisboa ata a avenida de Pepa a Loba e de novo collede á dereita (que mareo!), facede a rotonda e: por fin a vaca surrealista!, e con ela a meta!